

ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

## Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN07	Radioterapia e dosimetría	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

## Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1347	Anatomía pola imaxe	2023/2024	0	266	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

## Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CRISTAL ROMERO RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Localiza as estruturas anatómicas, aplicando sistemas convencionais de topografía corporal
RA2 - Analiza imaxes clínicas, tendo en conta a relación entre os protocolos de lectura e a técnica empregada
RA3 - Recoñece estruturas anatómicas do aparello locomotor, interpretando as imaxes diagnósticas
RA4 - Identifica a estrutura, o funcionamento e as doenzas do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos, en relación con imaxes diagnósticas
RA5 - Recoñece a estrutura, o funcionamento e as doenzas dos aparellos cardiocirculatorio e respiratorio, en relación con imaxes diagnósticas
RA6 - Identifica a estrutura, o funcionamento e as doenzas do aparello dixestivo e do sistema urinario, en relación con imaxes diagnósticas
RA7 - Recoñece a estrutura, o funcionamento e as doenzas do sistema endócrino-metabólico e do aparello xenital, en relación con imaxes diagnósticas

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA1.1 Definiuse a posición anatómica, eixes e planos de referencia
CA1.2 Aplicouse a terminoloxía de posición, dirección e movemento
CA1.3 Localizáronse as rexións corporais
CA1.4 Situáronse as cavidades corporais e definiuse o seu contido
CA1.5 Estableceuse a relación entre órganos veciños
CA1.6 Identificáronse marcas anatómicas externas como referencia para a colocación do/da paciente e dos equipamentos



Criterios de avaliación do currículo
CA1.7 Proxectáronse os órganos internos sobre a superficie da pel
CA2.1 Identificáronse as características da imaxe visualizada segundo o tipo de exploración
CA2.2 Definíronse as limitacións e as achegas de cada técnica
CA2.5 Identificáronse as estruturas fundamentais visibles en diferentes técnicas de imaxe
CA3.1 Definiuse a estrutura e a función dos ósos
CA3.2 Clasificáronse e localizáronse os ósos
CA3.3 Describíronse os ósos do esqueleto axial e apendicular
CA3.5 Describíronse os tipos e as características das articulacións
CA3.6 Identificáronse os compoñentes das principais articulacións
CA3.8 Definiuse a estrutura, os tipos e a localización dos músculos
CA3.9 Definíronse conceptos básicos de patoloxía
CA3.10 Clasificáronse as principais patoloxías de ósos, articulacións e músculos
CA4.1 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso
CA4.2 Identificáronse os compoñentes do sistema nervioso central e periférico
CA4.3 Describiuse o sistema ventricular encefálico, así como a produción e a distribución do LCR
CA4.4 Recoñecéronse as principais estruturas da cabeza en imaxes anatómicas e radiolóxicas
CA4.6 Clasificáronse as doenzas do sistema nervioso
CA4.8 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación do currículo
CA4.9 Identificáronse os compoñentes dos órganos dos sentidos en imaxes médicas
CA5.1 Describiuse a estrutura e o contido da caixa torácica
CA5.2 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello cardiocirculatorio
CA5.3 Describiuse a estrutura e o funcionamento do corazón
CA5.5 Clasificáronse as principais patoloxías cardíacas e vasculares
CA5.6 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio
CA5.7 Clasificáronse as doenzas respiratorias máis frecuentes
CA6.1 Definiuse a estrutura e o contido da cavidade abdómino-pelviana
CA6.2 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo
CA6.4 Clasificáronse as doenzas do aparello dixestivo
CA6.5 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas dos riles e das vías urinarias
CA6.7 Describíronse as principais doenzas do sistema urinario
CA7.1 Definíronse as bases do sistema endócrino-metabólico e a función hormonal
CA7.2 Clasificáronse as alteracións endócrino-metabólicas
CA7.3 Establecéronse as bases anatómicas e fisiopatolóxicas do aparello xenital feminino
CA7.5 Describiuse a anatomía e a fisioloxía da mama
CA7.6 Clasificáronse os principais procesos patolóxicos da mama
CA7.8 Establecéronse as bases anatómicas e fisiopatolóxicas do aparello xenital masculino

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Localiza as estruturas anatómicas, aplicando sistemas convencionais de topografía corporal
RA2 - Analiza imaxes clínicas, tendo en conta a relación entre os protocolos de lectura e a técnica empregada
RA3 - Recoñece estruturas anatómicas do aparello locomotor, interpretando as imaxes diagnósticas
RA4 - Identifica a estrutura, o funcionamento e as doenzas do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos, en relación con imaxes diagnósticas
RA5 - Recoñece a estrutura, o funcionamento e as doenzas dos aparellos cardiocirculatorio e respiratorio, en relación con imaxes diagnósticas
RA6 - Identifica a estrutura, o funcionamento e as doenzas do aparello dixestivo e do sistema urinario, en relación con imaxes diagnósticas
RA7 - Recoñece a estrutura, o funcionamento e as doenzas do sistema endócrino-metabólico e do aparello xenital, en relación con imaxes diagnósticas

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Aplícase a terminoloxía de posición, dirección e movemento
CA1.3 Localízanse as rexións corporais
CA1.6 Identifícanse marcas anatómicas externas como referencia para a colocación do/da paciente e dos equipamentos
CA1.7 Proxectáronse os órganos internos sobre a superficie da pel
CA2.1 Identifícanse as características da imaxe visualizada segundo o tipo de exploración
CA2.3 Estableceuse a lateralidade, a posición e a proxección ao visualizar a imaxe clínica
CA2.4 Defínese a orientación e a localización do corte en imaxes tomográficas



Criterios de avaliación do currículo
CA2.5 Identifícanse as estruturas fundamentais visibles en diferentes técnicas de imaxe
CA2.6 Establecéronse as diferenzas gráficas da representación dos órganos en función da técnica de exploración
CA2.7 Comparáronse imaxes normais e patolóxicas e sinaláronse as súas diferenzas
CA2.8 Aplicáronse técnicas para mellorar a visión da exploración en escalas de grises
CA3.2 Clasifícanse e localízanse os ósos
CA3.4 Localízanse os accidentes anatómicos do esqueleto óseo en láminas, modelos anatómicos e imaxes radiolóxicas
CA3.6 Identifícanse os compoñentes das principais articulacións
CA3.7 Recoñécen-se estruturas articulares en imaxes médicas
CA3.11 Establecéronse diferenzas entre imaxes normais e patolóxicas
CA4.2 Identifícanse os compoñentes do sistema nervioso central e periférico
CA4.4 Recoñécen-se as principais estruturas da cabeza en imaxes anatómicas e radiolóxicas
CA4.5 Identifícanse as estruturas nerviosas en imaxes tomográficas
CA4.7 Establecéronse diferenzas entre imaxes normais e patolóxicas do SNC
CA4.9 Identifícanse os compoñentes dos órganos dos sentidos en imaxes médicas
CA5.2 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello cardiocirculatorio
CA5.4 Identifícanse e localízanse os principais vasos sanguíneos en imaxes angiográficas
CA5.6 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio
CA5.8 Identifícanse as estruturas mediastínicas en imaxes médicas

Criterios de avaliación do currículo
CA5.9 Establecéronse as diferenzas entre imaxes torácicas normais e patolóxicas
CA6.2 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo
CA6.3 Identifícanse os compoñentes do aparello dixestivo en imaxes radiolóxicas
CA6.5 Establecéronse as bases anatomofisiolóxicas dos riles e das vías urinarias
CA6.6 Identifícanse os compoñentes do sistema urinario en imaxes radiolóxicas
CA6.8 Identifícase o contido abdomino-pelviano en imaxes médicas
CA7.3 Establecéronse as bases anatómicas e fisiopatolóxicas do aparello xenital feminino
CA7.4 Identifícanse os compoñentes do aparello xenital feminino en imaxes diagnósticas
CA7.7 Establecéronse diferenzas entre imaxes normais e patolóxicas da mama
CA7.8 Establecéronse as bases anatómicas e fisiopatolóxicas do aparello xenital masculino
CA7.9 Identifícanse os compoñentes do aparello xenital masculino en imaxes diagnósticas

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles: Consideraranse mínimos exixibles todos os criterios de avaliación indicados para cada proba, agás os criterios:

- C.A. 2.8. Aplicáronse técnicas para mellorar a visión da exploración en escala de grises.
- C.A. 5.4. Identifícanse e localízanse os principais vasos sanguíneos en imaxes anxiográficas.

Criterios de cualificación:

Proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita dos coñecementos teóricos que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o/a alumno/a deberá acadar una puntuación mínima de 5,



unha vez realizados os descontos. O alumnado que non supere a primeira proba, quedará directamente eliminado do proceso.

Proba práctica: Identificación de estruturas anatómicas en láminas mudas, modelos anatómicos e análise de imaxes diagnósticas normais e patolóxicas, relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte . Para a superación da proba, que ten carácter eliminatorio, o/a alumno/a deberá acadar o 50% da proba correctamente realizada.

A cualificación final correspondente a proba do módulo profesional, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

No caso do alumnado que suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignárselle será de 4.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará ao alumnado excluído desta parte da proba do módulo cun cero.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Instrumento de avaliación: Exame escrito con cuestións tipo test e/ou cuestións de resposta curta. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos despois de realizar os descontos.

Características da proba: Consistirá nun exame dos contidos teóricos que constara de preguntas curtas e/ou tipo test (poderán ser de resposta única ou de resposta múltiple). O candidato será informado da puntuación das preguntas e dos descontos aplicados ás mesmas.

A duración da proba teórica será de 2 h.

Material necesario na proba: Proba escrita e bolígrafo indeleble de cor azul ou negra.

Non se pode usar corrector. Para calquera rectificación que o alumnado desexe facer, riscará a resposta que queira corrixir, coa tinta do mesmo bolígrafo que empregue para contestar a proba.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico que poida interferir co funcionamento das probas.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa onde o alumnado efectúe a proba.





#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio, e consistirá na identificación de estruturas anatómicas en láminas mudas e en modelos anatómicos e na interpretación de imaxes clínicas obtidas por diferentes técnicas diagnósticas. A proba versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 nesta segunda parte.

A duración da proba práctica será de 2 h.

Material necesario na proba: Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro.

Non se pode usar corrector. Para calquera rectificación que o alumnado desexe facer, riscará a resposta que queira corrixir, coa tinta do mesmo bolígrafo que empregue para contestar a proba.

Non se permitirá o uso de móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico que poida interferir co funcionamento das probas.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa onde o alumnado efectúe a proba.